

TEMA 4 A ARTE ROMÁNICA

1. Contexto histórico e condicionantes da arte románica.
2. Características da igrexa románica. As igrexas de peregrinación.
3. A arquitectura románica en España
4. As fachadas e as portadas románicas
5. A escultura románica
 - 5.1 Os condicionantes da escultura románica
 - 5.2 Características da escultura románica

Prácticos:

- Catedral de Santiago de Compostela
- Portada de Platerías da catedral de Santiago de Compostela
- O David da portada de Platerías.
- O Pórtico da Gloria e a obra do Mestre Mateo

O Románico é o primeiro estilo europeo ou internacional da Idade Media, é dicir, un estilo unitario que se desenvolveu en distintas rexións europeas (Francia, o Imperio Xermánico, Península Italiana e as chairas húngaras e polacas, na Inglaterra normanda e os reinos cristiáns da Península Ibérica) con características propias, pero cunha unidade suficiente como para ser considerado o primeiro estilo internacional de ámbito europeo.

Xurde a partir do ano 1.000 coincidindo co renacemento económico europeo, o crecemento demográfico, a roturación de novas terras, e apertura de antigas rutas comerciais que facilitaron os camiños de peregrinación, e desenvolveuse por Europa Occidental entre os séculos XI e XII.

Trátase dun estilo esencialmente relixioso no que as súas artes plásticas caracterízanse polo xeometrismo, hieratismo e desproporción das súas figuras.



Este estilo desenvolveuse na Península Ibérica dunha maneira moi peculiar debido á disputa que se mantiña co Islam. Por iste motivo as mellores manifestacións artísticas do románico están vinculadas o Camiño de Santiago.

A denominación *románico* aplicouse a este estilo debido ás súas similitudes coas formas constructivas do mundo romano como o uso da arquitectura abovedada, da bóveda de canón e de arista así como a austeridade na decoración externa. Na segunda metade do século XII coincide coa aparición dun novo estilo: o gótico.

1. CONTEXTO HISTÓRICO E CONDICIONANTES DA ARTE ROMÁNICA.

Xunto ás invasións bárbaras que fragmentaron o imperio romano hai que engadir as loitas polo poder que estalaron entre os últimos descendentes de Carlomagno e a reconquista que comeza en España fronte os musulmáns. Durante a segunda metade do X e a primeira parte do XI os pobos invasores foron asimilados pola cultura do occidente europeo e detívose o avance dos musulmáns desde o sur, iniciándose un período de relativa calma.

As relacións humanas fúndanse na relación de dependencia de home a home dando lugar á sociedade feudal. Pouco a pouco consumouse a ruptura co mundo antigo e aparecen as primeiras mostras dunha economía baseada no intercambio. É agora cando xurde a cidade medieval. Xa non se trata dunha cidade ao estilo romano, é unha cidade de negociantes, onde se vai a conformar unha nova clase social, a burguesía.

O Románico é o **primeiro estilo uniforme** que se pode chamar **cristián europeo**. Desenvolveuse durante a etapa de **plenitude do modelo feudal** e o **comezo das grandes transformacións económicas, sociais e políticas**, nos **séculos XI e XII** fundamentalmente e **difundiuse a través do Camiño de Santiago** da man da Igrexa de Roma.

Esta arte é **froito dunha sociedade fortemente xerarquizada**, na que existen **tres estamentos**:

Dous **privilexiados**, a nobreza e o clero


Un **non privilexiado**, o chamado **Terceiro estado**.

O clero posúe **poder económico, social, político-xurídico e monopoliza as distintas manifestacións culturais**: filosofía, literatura, pintura, escultura,... e pode, grazas o seu poder económico, **construír igrexas, catedrais ou mosteiros**.

Na **súa evolución** como estilo, o románico reflicte os cambios do modelo feudal. Nesta evolución, o **románico do século XI** (parte da Catedral de Santiago así como numerosas igrexas parroquiais e monásticas) reflicten as **características desta sociedade basicamente agraria, pechada, xerarquizada e fortemente relixiosa**.

A **escultura e pintura** emprégase como forma de **adoutramento aos fieis**, é **evanxelizadora** e dogmática. Os **temas máis representados** son os extraídos dos **Evanxeos**: Epifanía (adoración de Xesús polos Reis Magos), Crucifixión, pecado orixinal, (...) como podemos ver, por exemplo na **fachada das Praterías**.

La sociedad feudal



Se creía que el orden social era un orden natural en el que Dios había establecido que algunos tenían como misión la guía espiritual, otros la protección de la comunidad y el resto debía trabajar y asegurar el sustento de la comunidad. Esta división dio origen a una sociedad estamental, que se organizaba en tres grandes grupos:

- **Nobleza (bellatores)**, era la clase guerrera. Al interior de ella se distinguía la alta nobleza, que poseía grandes feudos; y la baja nobleza o caballeros, vasallos de los nobles más poderosos y con pequeños feudos.
- **Clero (oratores)**, componían el clero regular y secular.
- **Pueblo llano (laboratores)**, era el grupo más numeroso y estaban sometidos a los otros estamentos. Estaban integrados por campesinos, siervos y artesanos.



Tímpano esquerdo: Tentacións de Cristo - Tímpano dereita: Pasión de Cristo

No século **XII**, o **feudalismo experimentou grandes cambios** e desenvolvéronse ademais da agricultura (con importantes melloras) outras actividades como a artesanía, o comercio e a banca e con elas **medraron grupos sociais como os artesáns e os comerciantes** que se **asentaron nas cidades**.

A Igrexa viuse **obrigada a renovar a súa mensaxe algo que se reflectiu na arquitectura e sobre todo na escultura**. Exemplo destes cambios observarémolos nas evidentes diferenzas entre a **portada de Praterías e o Pórtico da Gloria** da catedral de Santiago de Compostela, tanto no que respecta aos **temas como ao seu tratamento e execución**.

O Románico contou con **condicionantes históricos, relixiosos e culturais** como:

- O **terror do ano mil**: Nesta situación de relativa tranquilidade, arraigou na sociedade **un profundo sentimento espiritual**. Foron anos moi marcados por unha clara **conciencia do pecado** e polo **medo á condenación eterna**. O sentimento de culpa e a crenza no **perdón a través do arrepentimento** calaron fondo nos contemporáneos. Estas conviccións configuraron un mundo no que o **primordial era a penitencia**, xa que se consideraba que a **culpa só quedaba lavada unha vez sufrido o castigo imposto pola confesión**. Esta forma de pensamento acadou as máis acusadas manifestacións arredor do **ano 1.000** cos temores o **fin do milenio**. Foi un fenómeno de **histeria colectiva dos homes e mulleres de fins do século X** na que **pensaban que no ano 1.000 se acababa o mundo**.

A Igrexa aproveitou para convencer á poboación de que **en calquer momento se produciría o Xuízo Final**. De aí que en **numerosas portadas das igrexas e catedrais** se representase este tema (**Xuízo Final**) xunto o **Apocalipse**. Exemplos: **Santa Fe de Conques** (Francia) e o **Pórtico da Gloria** (Santiago de Compostela).



Comprobada a **falsedade das profecías** xerouse un **sentimento de alivio**, recoñecemento e acción de grazas que propiciaron nos laicos unha disposición de agradecemento de débeda a Deus. Este sentimento contribuíu á **renovación da arte relixiosa dando lugar o estilo románico**.

Esta débeda tradúxose nunha **boa disposición cara as congregacións relixiosas, ben mediante donacións ou traballos propios ou dando fillos para a Igrexa**. A mentalidade dominante o longo de gran parte da Idade meida era que, para **asegurarse a bondade divina era preciso levarse ben cos representantes de Deus neste mundo, é dicir, cos clérigos e os monxes**. Facíanlles **doacións agrarias, axudaban no traballo persoal**, a construír igrexas e mosteiros e pedían os monxes que rezasen por eles, extendeuse a costume de **pedir o hábito relixioso** con ocasión dunha grave enfermidade – renunciar o matrimonio, prescindir das súas prerrogativas e desprenderse dos bens terrenais.

A **sociedade medieval dividía os cristiáns en tres grupos** ben diferenciados: **laicos, clérigos e monxes**. A literatura espiritual da época afirmaba a **superioridade da vida monástica** sobre o estado clerical e o laico. Os laicos (crente que non é membro do clero) estaban no último posto.

- A **concepción da espiritualidade** (para redimir as culpas) conduxo a **tres tipos de manifestacións** (promovidas polo Papa como vías lexítimas para a salvación):

Auxe da vida monástica: A orde de Cluny: é a orde bieita (benedictinos ou monxes blancos) reformada a **gran difusora do Camiño de Santiago e do románico**, xunto coa monarquía. Todos os cristiáns mostrábanse convencidos da dignidade do monacato e da súa superioridade sobre os outros dous estados (clerical e laico).

Por iste motivo **multiplicouse por Europa a fundación de mosteiros** difundindo un tipo de edificio idéntico. Neste proceso tivo un **papel preponderante a orde beneditina de Cluny**. O **mosteiro de Cluny** (casa matriz dos monxes cluniacenses) **fundouse na Borgoña no ano 910**. Iniciou a reforma da regra beneditina e tivo tal éxito que, en poucos anos, o número de abadías foi de 1450, a maior parte delas en **Francia**. Non foi única orde pero si foi a que acadou maior difusión, por iso tan importante no románico.

As **peregrinacións**: durante os séculos centrais da Idade Media a **peregrinación ós lugares con reliquias de santos e mártires** foi moi común. Os lugares máis venerados eran: **Roma, Xerusalén e Santiago de Compostela**. Tamén existían peregrinacións menores como Santa Fe de Conques, Saint Michel ou Liébana. A de **máis relevancia foi Santiago de Compostela**, debido en parte á facilidade do camiño (hai que pensar que ir e regresar a Xerusalén levaba uns tres anos de viaxe).

As **cruzadas**: tiñan como obxecto a **liberación do Santo Sepulcro e axudar os cristiáns de Oriente** que se atopaban en territorio musulmán. A cruzada de **Urbano II en 1095** foi realmente unha **peregrinación armada** co premio da indulxencia plenaria. Miles de homes e mulleres puxéronse en marcha para redimir por completo as súas culpas.

Unha das **consecuencias destes movemento penitenciais** (peregrinacións e cruzadas) foi o **intercambio de ideas e un coñecemento cada vez maior das formas constructivas** que foron levadas polos talleres dun enclave constructivo a outro. Os movementos das persoas fixeron posible o **intercambio de técnicas e de maestros** e contribuíron de forma decisiva a darlles un **carácter unitario ás formas constructivas do románico**.

- A **Reforma Gregoriana**: o **Papa Gregorio VII** consegue a finais do século XI **independizarse politicamente** e converterse en Xefe único da Igrexa Cristiá. **Unifica tódolos rituais e promove unha única arte: a románica**.

- A **loita contra o infiel**: na Península Ibérica centrouse na **loita contra o Islam**. Neste contexto, o **descubrimento do sartego do Apóstolo Santiago** xoga un papel importante.



2. CARACTERÍSTICAS DAS IGREXAS ROMÁNICAS. AS IGREXAS DE PEREGRINACIÓN

A importancia que acadaron as peregrinacións durante o Románico (especialmente as dirixidas a Compostela) levou ao desenvolvemento dun tipo de igrexa na que se veneraban as reliquias dalgún santo ou mártir: **son as igrexas de peregrinación.**

A diferenza das construcións prerrománicas con gran variedade de formas e planos, o novo estilo presenta unhas **características comúns a todos os seus edificios:**

- **Materiais e muros:** No románico búscase a **solidez da construción**, de aí que o material ideal sexa a **pedra cortada de modo regular**, formando a pedra de **cantaría**, pero, como facer toda a construción en pedra supuña un **custo moi elevado**, moitas igrexas foron construídas **en cachotería** ou ben en **terra** ou **adobe** recubertos con pedra.

O habitual é a **pedra**, a **madeira**, o **ladrillo** (Saint Sernín de Toulouse), o **mármore** (ocasional) e o **sillarejo**. Nos primeiros edificios destaca o **aparello irregular**, evolucionando máis tarde a muros de pedra cortada de modo regular (cantería).


Os **muros son moi grosos** para soste mellor as **ubertas curvas** e para crear **interiores escuros**: ábreanse **poucas ventás** e as que existen son **pequenas**. A finalidade desta **escuridade é provocar o recollemento do fiel**; búscase crear un **ambiente que provoque o temor do fiel ante Deus**. Os muros son **máis complexos** que os das basílicas paleocristiás e prerrománicas: no románico adquiren vida e fanse **plásticos** (aspecto escultórico) a través das **pilastras, columnas, piares** e **decoración de diversos tipos**, a isto chámase **articulación do muro**.

- **Elementos constructivos:** arco de medio punto e as bóvedas de **canón** (nave central) e **arista** (naves laterais) e, como soporte a columna e o pilar. No exterior para contrarrestar os empuxes das bóvedas, aparecen **contrafortes**. A **bóveda de canón** (característica do románico) soe estar reforzada por **arcos fajóns**.

O **cimborrio** sitúase **encima do cruceiro** (onde se cruza a nave central e o transepto), cúa construción se soluciona mediante o **uso de trompas** (por influencia oriental) o el **uso de pechinas ou pendentives** (por influencia bizantina). Ten como función **iluminar o interior do templo**. A **tribuna** sitúase encima das naves laterais (é imprescindible nas igrexas de peregrinación), serve para **conseguir maior altura da nave central e maior luminosidade**.


Características de la arquitectura románica

1. Volúmenes simples y escalonados
2. Arcos ciegos decorativos
3. Cimborrio
4. Cornisa con canchillos
5. Arquivoltas
6. Ábside
7. Crucero
8. Vano estrecho y abocinado
9. Contrafuerte
10. Columna adosada
11. Muro macizo y continuo




12. Bóveda de cañón
13. Arcos fajones
14. Cúpula
15. Trompas
16. Impostas
17. Bóveda de cuarto de esfera
18. Arquivoltas
19. Ábside
20. Pilar con columnas adosadas
21. Uso de sillares en muros y pilares



Los arcos



de cañón;



de arista.



- **Plantas:** as igrexas románicas **adaptan a planta ás súas necesidades** (multiplicando naves e ábsides). Desenvólvense **dúas tipoloxías fundamentais**: a **planta basilical** e a **planta de cruz latina**. Nos primeiros momentos, as igrexas románicas empregaron a **planta basilical**, aínda que rapidamente haberá un predominio da planta que caracteriza a esta arquitectura: a **planta de cruz latina**.



As igrexas con planta de cruz latina presentan as partes seguintes:

Brazo maior ou lonxitudinal (dividido en tres -o máis frecuente- ou cinco naves, sendo a central máis alta e ancha cás laterais)

Transepto (cunha ou tres naves estruturadas da mesma maneira que o brazo maior)

Cruceiro (onde se cruzan as naves centrais do brazo maior e do transepto).

Nas igrexas que **non son de peregrinación**, a nave central e as laterais rematan en **absidiolos**





Nas **igrexas de peregrinación** aparecen dous elementos que as diferencian do resto: a **xirola ou deambulatorio** e a **tribuna con triforio** (sobre as naves laterais para dispoñer de máis espazo para os fieis no interior do recinto).

Nas **igrexas de peregrinación** só remata en **ábsida** a nave central. As laterais **prolónganse por detrás da ábsida dando orixe a un corredor** chamado **xirola ou deambulatorio** (corredor detrás do altar maior que permite os peregrinos **venerar as reliquias sin interrumpir o culto**) no que se **abren varias capelas pequenas** para cultos privados que reciben o nome de **absidiolas** (tamén soen aparecer nos brazos do transepto). É frecuente que, ademais das capelas absidiais no deambulatorio, tamén as haxa **no transepto**.

Estas igrexas poden ter **tres ou cinco naves**, a **central é máis ancha e alta que as laterais**. Estas crúzanse polo **transepto** que tamén pode ter unha ou tres naves.

A planta resultante denomínase **planta de peregrinación**.

Si a **igreja forma parte dunha abadía ou mosteiro** atoparemos o **claustro** (patio porticado arredor del cal se sitúan as estancias do mosteiro, refectorio, a sala capitular, as celdas dos monxes, etc.)



- **Elementos sustentantes**: o máis usado é o **pilar de planta cadrada, composto** (con columnas adosadas) ou **cruciforme** que naceu pola **necesidade de soste catro arcos** (dous **faxóns** e dous **formeiros**), polo que **só aparece nos edificios donde é necesario o seu uso**, é dicir, nos de **planta con tres naves**, xa sexan **basilicais ou de cruz latina**. En **construcións máis sinxelas**, aparece a **columna** e nalgún dos primeiros edificios altéranse ambos tipos de soporte. Ex: a catedral de Jaca.

A **columna** pode aparecer **exenta** ou **adosada a un piar** (o máis habitual). Consta xeralmente de: **basa**, **fuste liso ou decorado**, **capitel** decorado con motivos xeométricos, vexetais e sobre todo **historiados**. Neste último tipo de capitel, **defórmase as figuras para adaptarse o marco** e adquiren un aspecto moi expresivo, destacando as **figuras monstruosas de aspecto terrorífico**.



- **Sistema de cubertas:** emplease a **cuberta abovedada**. A **bóveda de cañón sobre arcos fajóns** é a máis utilizada. O problema deste tipo de cuberta é o **enorme peso que comporta** (aínda **maior nos edificios de tres naves**). Por iso, según avanza o tempo, **déixase a de cañón para a nave central** e cúbreanse as **laterais e o deambulatorio con bóveda de arista** que permiten **equilibrar mellor o peso sobre os muros**.

No **cruceiro** adoitan empregar **cúpulas**. En calquera caso, a cuberta abovedada **obliga a construír anchos muros** para absorber as presións da bóveda. As **cubertas con pedra** fixéronse por dous motivos: **evitar os incendios** e pola **imposibilidade de atopar vigas** o bastante **longas** para cubrir as naves centrais. (No s. XI os bosques foron esquilados para construír igrexas, barcos e castelos).

LOS SISTEMAS DE CUBIERTA Y SOPORTES EN EL TEMPLO ROMÁNICO: LA BÓVEDA DE CAÑÓN





El desarrollo de las bóvedas de piedra es uno de los grandes logros del románico. Las bóvedas de cañón sobre arcos fajones, de refuerzo, se convierten en la alternativa a las cubiertas de madera húmedas e inflamables.

- **Sistema de contrarresto:** toda cuberta abovedada necesita un **sistema de contrarresto das presións xeradas pola bóveda**. A solución que aporta o románico conxuga a **construcción de muros grosos con soportes exteriores de gran volumen**, chamados **contrafortes**, que reforzan o muro **donde se apoian os arcos fajóns** da bóveda.

Esta solución xa foi empregada pola arquitectura astur. O feito de que as construcións sexan de maior tamaño cás prerrománicas e de que utilicen as cubertas curvas en todo o edificio leva a que teñan que **empregar sistemas de contrarresto efectivos**.

- **Exteriores:** Transparentan o **interior do edificio de forma clara**, merced a un **ordenamento en altura** das diferentes partes que compoñen o edificio: as **naves centrais destacan sempre sobre as laterais**, como xa é costume en cualquier planta basilical.

O brazo do **transepto das plantas de cruz latina** ten tamén unha altura similar ou maior que a da nave central do **brazo maior**.



Os **cruceiros** coas súas cubertas aparecen **destacados cara a o exterior mediante unha torre que os cubre e que se denomina cimborrio**.


Aspecto macizo, con muros grosos, xeralmente construídos de cantaría, poucas ventás e abundancia de contrafortes. Predomina a **horizontalidade**, aínda que hai dous elementos que rachan con ela: o **cimborrio** (torre sobre o cruceiro) e a **torre das campás**.

As **igrexas románicas** poden presentar unha **soa torre campanario** (románico catalán) dúas torres flanqueando a **fachada principal** ou **catro**, dúas na cabeceira e dúas nos pés dando aspecto de fortaleza cristiana que son características do románico alemán.

Presentan **contrafortes** que **coinciden cos arcos fajóns** interiores, **aleros**

saintes sostidos por **modillóns** e fachadas moi sinxelas.

San Martín de Frómista, de **planta basilical** amósanos claramente os elementos característicos dos exteriores románicos:



O románico creou un modelo de portada de ampla difusión continuado polo gótico. Trátase dunha **estrutura abocinada** enmarcada por un **arco de medio punto** con **arquivoltas** que rodean a parte central donde se sitúa o **tímpano** que pode mostrarse **esculpido ou non**, según a categoría da igrexa. Nos edificios de maior envergadura, incorpóranse outros elementos como as **xambas** (prolongación das arquivoltas por medio de columnitas) que poden ser **decoradas ou non**.


Cada **arquivolta** apóiase sobre **columnas** que, á súa vez, están **adosadas a piares**. A última arquivolta (a máis afundida) presenta no centro un **espazo semicircular** chamado **tímpano** sobre o que se concentra a máis importante decoración escultórica.

Cando o tímpano é moi grande, para suxeitalo colócaselle debaixo (na parte central) un **soporte vertical** (a modo de piar) chamado **parteluz ou mainel**.

Os soportes das arquivoltas e do lintel denomínanse **xambas** e poden estar decoradas.

O **parteluz divide en dous o vano da portada**, que se **remata por un lintel encima do cal está o tímpano**. O conxunto échese de **esculturas que responden a un programa iconográfico** concreto. A fachada era visible desde moi lonxe flanqueada polas torres. Os edificios de maior envergadura tamén presentaban **contrafortes** que marcaban a distribución interior das naves e motivos ornamentais como as **arcuaciones** e as **bandas lombardas**. O edificio románico equilibrase integrando **liñas verticais, curvas** (presbiterio, cabeceira e ábsides) e **formas rectangulares nas naves e transepto**.

- **Interiores**: Son **escuras**, con **poucas ventás de pequeno tamaño**. Nas **igrejas de peregrinación** por enriba das naves laterais (e ás veces percorrendo toda a construción) **sitúase a tribuna** que se comunica coa nave central a través do **triforio** con **arcos de medio punto xeminados** (de dous en dous); a tribuna resolveu problemas de contrarresto do peso da bóveda da nave central.



- **Claustros**: son o **elemento que define as construcións monásticas**. Soen adoptar forma cadrada.

No románico supérase a sobriedade decorativa que presentan os exteriores prerrománicos:




- A **decoración** é abundante e varía dunhas zonas a outras. Os **elementos decorativos** das igrexas románicas son: **bandas lombardas** (son bandas ou franxas que percorren os muros verticalmente); **arcos cegos ou arcuacións** (arcos de medio punto continuados e pechados); **canzorros ou ménsulas** (pequenos soportes que se colocan debaixo dos aleiros dos tellados e que cumpren unha **dobre función**: **constructiva**, soportan o peso do aleiro, e **decorativa** presentan esculpidos motivos xeométricos, vexetais, e sobre todo figurativos. Nestes últimos, aparecen as representacións máis naturistas do románico); **taqueado xaqués**

(característicos das igrexas españolas do Camiño, é unha decoración consistente en **pequenos tacos, dados ou cubos** que percorren os muros horizontalmente; poden aparecer tanto no interior (San Isidoro de León, Catedral de Santiago) como exterior (San Martín de Frómista en Palencia).





Os artistas eran considerados artesáns, polo que **non asinaban as súas obras** (só marcas de canteiros). A forma de traballo era por **encargos**, de aí que se **trasladasen dun lugar a outro**.

Dentro deste **anonimato** xeneralizado, destacará o **Mestre Mateo** que asina a súa obra e logra gran fama e prestixio.



A reunión de todos estes elementos permitiu construír **monumentos que foron ata o século XIV os máis grandes de Europa Occidental**.

Santa Fe de Conques, San Sernín de Toulouse e Santiago de Compostela afastadas por moitos quilómetros **comparten a mesma tipoloxía arquitectónica das igrexas de peregrinación** que acabamos de ver. Santa Fe de Conques serviu de modelo para Saint Sernin de Toulouse e esta a súa vez foi punto de inspiración para a catedral de Santiago de Compostela. A **primeira gran construción románica foi o Mosteiro de Cluny** realizado en tres fases desde o século X.




VTR: Mosteiro de Cluny (1,13)

https://www.youtube.com/watch?v=ETAYp_pc5Hs


<https://www.youtube.com/watch?v=UJiv626VfvE>

3. A ARQUITECTURA ROMÁNICA EN ESPAÑA

En España este estilo desenvolveuse a partir de **dous focos: Cataluña e o Camiño de Santiago**. O primeiro románico español desenvolveuse en **Cataluña a fins do século X** (debido á influencia exercida polo **imperio Carolínxeo na Marca Hispánica** –territorio comprendido entre a fronteira político-militar do imperio carolinxio e Al-Ándalus). As primeiras construcións foron o **Monasterio de Ripoll (XI)** e as **pequenas igrexas pirenaicas de Tahull (XII)**.



Mosteiro de Ripoll




San Clemente y Santa María de Tahull

En **Galicia**, as súas **igrexas denotan a influencia compostelá**. As **orixes** do culto a Santiago son descoñecidos, pero parece ser que no ano **814 (24/07)** se atoparon as reliquias atribuídas o **Apóstol**. O final do século IX se estendeuse pola Europa cristiá, creando unha **ruta de peregrinación que perdura na actualidade**.

Durante o **XI, XII y XIII**, o **Camiño de Santiago constituíu unha vía tanto económica como cultural** de enorme importancia para a Península Ibérica **facilitando a chegada do feudalismo desde Francia**. O camiño **seguido polos peregríns que acudían a Santiago actuou como vía de comunicación entre a Península e o exterior**, o tempo que **ampliou as relacións entre os territorios peninsulares** (incluso cos que se atopaban baixo dominio musulmán). Ademais das rutas francesas tamén había outras desde **Portugal, Toledo e Sevilla**.

A **orden francesa de Cluny** foi a **principal promotora das peregrinacións a Santiago** e a que organizou parte do Camiño que conduce a Santiago de Compostela. **Santiago convirtiuse nun dos máis importantes centros de peregrinación da Idade Media**, acadando tanto auxe que **chegou a competir con outros importantes centros de peregrinación como Xerusalén e Roma**.



O Camiño de Santiago estaba **xalonado de igrexas e hospederías** relixiosas, sendo un dos **vehículos de difusión da cultura e da arte románica**.

A **Orden Militar de Santiago**, fundada na **segunda metade do XII**, foi a **responsable da seguridade dos peregríns** (e de facer retroceder os musulmáns). A peregrinación quedou recollida e ordeada no **Codex Calixtinus** ou **Liber Sancti Jacobi**, obra do XII en cinco libros atribuída o **papa Calixto II**, que foi compilada polo clérigo **Aymeric Picaud**.

O longo do Camino levantáronse **catro edificios que se convertiron nos focos difusores do románico** por toda a Península Ibérica:

Catedral de Jaca (1054)

San Martín de Frómista (1066)

San Isidoro de León (1063-1100)

Catedral de Santiago de Compostela (1075).

Catedral de Jaca


A través dos catros edificios **apreciase como el estilo en Jaca se foi consolidando**, volvéndose máis seguro e airoso ata culminar na obra de Compostela. Esta evolución é unha boa proba da **existencia de talleres itinerantes de canteiros e de escultores**. Por outra parte, determinados **elementos definitorios de Jaca mantuvieronse nos outros edificios** converténdose no **modelo da arte románica para o Camiño de Santiago**.

O feito de que a cidade foi sede da **monarquía aragonesa e a súa situación xeográfica**, convertéronna nun **paso obrigado do camino de peregrinación francés**. A construción da **catedral iniciouse arredor do ano 1054** e o seu **modo constructivo foise consolidado posteriormente**, o longo dos diferentes edificios do camiño. **Talleres de mestros canteiros que traballaron en Jaca aparecen despois en Frómista**. O mesmo ocorreu cos mestros escultores, algúns dos cales chegaron ata Santiago de Compostela




San Martín de Frómista

A igrexa palentina de **San Martín de Frómista** foi mandada edificar por **Fernando I de Castilla** no ano 1066. Presenta o mesmo modelo constructivo de Jaca, si ben é moito máis armónico, o que revela un **maior dominio da técnica** por parte dos talleres de canteiros que traballaron en ambos edificios. A planta sigue sendo de **cruz latina co brazo do transepto non desenvolvido**. O que máis chama a atención é o seu **exterior**, que evidencia perfectamente os espazos interiores. En **Frómista respétanse todos os elementos do románico**, sendo **uno dos exemplos máis puros**. As **torres redondeadas** son propias do románico hispano, o igual que o **axedrezado nas liñas de imposta** que recorren o edificio. (As **impostas marcan a liña divisoria** entre un elemento arquitectónico que sustenta –columna, pilar ou muro– e outro sustentado curvo que pode ser un **arco** ou unha **bóveda**).




San Martín de Frómista
Planta según Enriquez de Salamanca




San Isidoro de León


A igrexa de **San Isidoro de León** foi edificada entre 1063 e 1100 por orde de **dona Urraca, reina de León**. Neste caso coñécese o nome do mestre constructor, **Pedro Deustamben** (tamén coñecido como *Pedro Peregrino* ou *Pedro de Dios* – algún apuntan a que puido ser o pai do Mestre Mateo), a quen se lle encargou a substitución do anterior edificio astur polo actual. A planta diferenciase da de Jaca e Frómista porque **ten dous tramos na nave transversal**, polo que o brazo menor aparece resaltado. Esta igrexa destaca pola súa **decoración pictórica**.



Porta do Perdón

Porta do Cordeiro







Catedral de Santiago

A catedral de Santiago iniciouse no ano **1075** baixo o mandato do arcebispo **Diego Peláez**, interrumpíronse no ano 1088 e **retomáronse anos máis tarde con Diego Xelmírez**. Construíuse para dar cabida os peregrins que visitaban constantemente a tumba do Apóstolo Santiago, pois a vella capela levantada en tempos de Alfonso II non tiña capacidade para albergar a tanta xente. **A obra completa realizouse o longo duns cen anos, con varias interrupcións na súa construción.**

A imaxe que vemos arriba sería o **aspecto que contemplaban os peregríns medievais**. Hoxe en día contemplamos outra imaxe diferente tralas **obras e modificacións realizadas durante o barroco**.



La Catedral de Santiago está circundada por cinco plazas:
El Obradoiro, Preteriteo (Preteriteo), Quintero, la Inmensidad
y la Abochivera (Abochivera).



VTR: Catedral de Santiago (2)

<https://www.youtube.com/watch?v=JSFIX7ZNyJA>

VTR: Catedral de Santiago (2,22)

<https://www.youtube.com/watch?v=GGFSolvggGE>

VTR: Catedral de Santiago (1,35)

<https://www.youtube.com/watch?v=jVMj8Q-SJyU>

A **grandeza da Catedral de Santiago** non se pode comprender sen coñecer os seguintes aspectos:

- Desde o punto de **vista económico e político**, o **esplendor do Reino de Galicia** con reis como Afonso VII, Fernando II ou Afonso VIII durante a chamada **Era Compostelá** (séculos XII e XIII). Era o **centro do señorío eclesiástico** galego máis poderoso e un dos máis recoñecidos no territorio peninsular. Entre os seus xerarcas máis destacados están **Diego Peláez**, o bispo que comezou a Catedral e **Diego Xelmírez** (primeiro arzobispo de Santiago de Compostela que impulsou a súa construción).

- Desde o punto de **vista relixioso**, Santiago converteuse nun dos **principais centros de peregrinación para os cristiáns** (xunto con cidades como Roma e Xerusalén). A **tumba do Apóstolo** foi descuberta no século IX, pero os peregrinos comezaron a chegar masivamente a Santiago a partir do século XI seguindo preferentemente o **Camiño francés**. Este camiño que partía desde catro puntos (Tours, Vézelay, Le Puy e Saint Guilles du Gard) confluía na **Ponte da Raíña** (Navarra) e de aí por Logroño, Frómista, Burgos, Sahagún, León e

Ponferrada achegábase a Santiago.


Era unha vía pola que transitaban ideas, libros e formas culturais que contribuíron a europeizar os reinos cristiáns, o que explica que a **catedral de Santiago comparta con catro igrexas francesas a súa tipoloxía construtiva**.

Para estudar o **Camiño Francés** poseemos un importante manuscrito iluminado (ilustrado), trátase do **Códice Calixtino** ou **Liber Sancti Iacobi**, unha compilación de textos xacobeos realizada durante o **papado de Calixto II (1119-1124)**. Aínda que se lle atribúen algúns dos seus escritos, non se sabe con certeza quen os reuniu.

A obra está distribuída en **5 libros de temática independente**, pero relacionados con **Santiago e a peregrinación**. Nel examínase todo o **relacionado co culto ó Apóstolo** (incluídos 22 milagres), os **elementos arquitectónicos e escultóricos que presentaba a catedral de Santiago no século XII**, ata a **descrición da ruta de**

peregrinación a través do Camiño Francés.

A mediados do século XII **Aymeric Picard**, un clérigo francés, escribiu o **Liber Peregrinationis**, unha guía con indicacións topográficas moi precisas que foi incluída no **libro V do Códice Calixtino**. Trátase dun documento valiosísimo porque recolle **tódalas etapas do Camiño Francés** (hospedarías, hospitais, mosteiros, ... que se erixían ao redor do Camiño)



Roubado en xullo de 2011 e recuperado en xullo de 2012

4. AS FACHADAS E AS PORTADAS ROMÁNICAS

O románico é o **primeiro estilo cristián que comeza a elaborar o exterior do templo, contra a tradición paleocristiá** que se desentendía del para concentrarse no interior. Neste aspecto caracteriza ó estilo románico o seu **interese polo exterior** en canto a:

- O **xogo de volumes**, pois se ben a igrexa presenta un volume externo que traduce o seu interior, coa única excepción de **transformar as curvas das bóvedas en tellados a dúas augas**, o relevante neste punto consiste na **integración de volumes xerarquizados** rematados pola **altura do ciborio**, coa **gradación descendente de ábsidas e absidiolas no testeiro**, acadando valores plásticos ben logrados.

- A **articulación do muro exterior con contrafortes, arcadas e molduras**, incluíndo ocasionalmente elementos decorativos como **arquiños lombardos**.


- A **introdución da torre** como elemento novidoso de **valor simbólico**. A torre coroa moitas veces o ciborio, sendo case sempre a de maior altura, e aparece tamén en menor tamaño nos extremos do transepto.

- A **elaboración do primeiro modelo de fachada** de igrexa como imaxe arquitectónica e plástica que permite identificar o edificio desde fóra. A **fachada articúlase tanto vertical como horizontalmente con molduras verticais e horizontais** que separan os **andares e corpos da fachada**:


Eixe vertical presenta de **tres a cinco carreiros**, segundo o número de naves, **ocupando os dous extremos cadansúa torre**.

Eixe horizontal, a **planta baixa está ocupada pola porta románica** e os **andares superiores presentan arcadas cegas** e outros motivos decorativos como o **rosetón, introducido no século XII**.

Este modelo presenta **grandes diferenzas rexionais** en función da tradición de cada área e da adopción da distintas solucións.



- As **portadas evolucionan**: pásase das portadas máis **simples formadas por unha soa porta** (San Isidoro de León) ou **dúas portas** (Portada das Praterías) ata as de **tres portas** (Pórtico da Gloria) que anuncian as portadas góticas. A decoración escultórica máis importante concéntrase **nos tímpanos**.



Os temas representados tómanse das Sagradas Escrituras, destacando os temas extraídos do Novo Testamento (parte da Biblia escrita tras o nacemento de Xesús).

Do Antigo Testamento (primeira parte da Biblia) tómanse temas como *A creación de Adán*, *O pecado orixinal* ou escenas sobre a vida de Cristo. Sin dúbida o tema máis representado é o da Apocalipse (fin do mundo) seguindo a descrición feita por san Xoán no que Cristo volverá á terra para xulgar aos vivos e aos mortos co **Xuízo Final** e, unha vez rematado o xuízo comezará a Apocalipse onde os catro Evanxelistas rodeando a Cristo escribirán nos Evanxeos as glorias do Señor e Vintecatro anciáns tocarán instrumentos para adorar ao Señor. Chega así o Apocalipse e con el a **Xerusalén Celeste** (simbolizada polo *Año Místico* ou *Año de Deus*).

A escena do Apocalipse xeralmente representase así: no centro, con perspectiva xerárquica, Cristo sedente coa man dereita en actitude de bendicir e sostendo na esquerda o *Libro da vida* que fala da súa Natureza divina (ás veces como no Pórtico da Gloria amosa as chagas das mans, dos pés e do costado): é o **Cristo Maxestade**, é dicir, **Cristo triunfante e resucitado** e que volve á terra, é un Cristo todo poder que se representa hierático e con aspecto terrorífico.

Este Cristo románico recibe o nome de **Pantocrator** (todo poder) e pode aparecer rodeado pola *mandorla ou amendoa mística*, forma amendoada que o rodea e lle confire carácter divino.

Ao redor do Pantocrator sitúanse os catro evanxelistas cada un co símbolo que o distingue: **Mateo anxo ou home**, **Marcos o león**, **Lucas o touro** e **Xoán a aguia**; todos xuntos reciben o nome de **Tetramorfos** (catro Formas). Os vintecatro anciáns poden aparecer ou non completando a escena. Nalgúns tímpanos aparece só representado o **Xuízo final** (Santa Fe de Conques), é dicir, o momento anterior ao Apocalipse, cos benaventurados no ceo e os condenados no inferno devorados por monstros.

Na escultura a representación de animais monstruosos simbolizaban os vicios e pecados dos seres humanos.



5. A ESCULTURA ROMÁNICA

5.1 Os condicionantes da escultura románica

No románico abórdase con forza a escultura monumental e en menor medida a escultura exenta e de vulto redondo. A aparición dunha escultura monumental plenamente definida non se producirá ata o último terzo do século XI e aparecerá en torno ao Camiño.

Para comprender a escultura románica é preciso coñecer o pensamento da época. Os séculos do románico son un período que se caracteriza por unha marcada carga espiritual cuio cenit se localiza en torno o ano mil e o terror que se desatou con as especulacións sobre a fin do mundo. Unha vez pasada esa data, unha ola de acción de gracias estendeuse por Europa. No románico construíase e esculpíase para acadar a vida eterna.

A Igrexa usou a escultura como un medio para facer chegar os fieis a mensaxe da salvación e a necesidade do arrepentemento. A escultura tivo un carácter dialéctico: buscaba mostrar o camiño recto exhibindo o que lle sucedería as persoas si a súa alma se torcía. Era unha escultura que inducía o arrepentimento.

Os temas habituais eran apocalípticos: o peso das almas, o Xuízo Final, o castigo que agardaba a quenes sucumbían ante pecados como a luxuria, a avaricia, a gula, etc.

A mensaxe da escultura expoñíase naqueles lugares nos que podía ser visto polo maior número de fieis: nos tímpanos que coroaban as portadas e nos capiteis das naves existindo un auténtico *horror vacui*. O seu carácter didáctico dotou as representacións dunha serie de características facilmente interpretables polos homes destes tempos: a figura principal adquiría un tamaño proporcionado a súa importancia: xerarquización.



Xuízo Final. San Lázaro de Autun



Santa Fe de Conques




Tímpano esquerdo e dereito de Platerías

Ocupaba o **lugar central do tímpano** e, arredor, organizábase o resto da representación (**carácter centrípeto**). O **pantocrátor**, o Deus-xuoz, aparecía a menudo **no interior da mandorla**, e en ocasións rodeado polo **tetramorfos** (catro evanxelistas: ánxel/home: San Mateo; león: San Marcos; águila: San Juan e boi: San Lucas). Os **símbolos estaban moi definidos** marcando os **contrastes entre os bos e os malos** (vestidos/espídos, colocados/desordenados, fermosos/feos, dereita/esquerda, monstros e serpes como símbolo do pecado e león como símbolo de Cristo, vencedor do pecado).



Nos **recintos monásticos**, os relevos esculpíanse nos **capiteis dos claustros**, que eran o **lugar central da vida monástica**. A misión seguía sendo a mesma: **servir de punto de reflexión** os que os contemplaban.

Os **temas tiñan un significado diferente** xa que estaban **dirixidos a persoas con maior grado de formación**. Nos tímpanos aparecían temas relacionados co que a Igrexa predicaba nos seus sermóns (pecado, salvación das almas) e **nos claustros representáanse temas** relacionados con **alegorías apocalípticas** e coa **mitoloxía**. O **claustro máis antigo** que se conserva (rematado no ano 1100) é o de **Moissac**. Case o mesmo tempo realizábase en España a obra mestra do **mosteiro de Silos**.



Moissac

Outros claustros a destacar son o de san Xoán da Peña, San Pedro da Rúa; Cuixá; Ripoll e Girona.



5.2 Características da escultura románica

O igual que na arquitectura, a escultura estivo **impregnada artes hispanas prerrománicas** (arte visigodo e asturiano). No **século XI**, data dos primeiros ensaios da escultura románica, sobresaíron os **talleres pirenaicos cataláns** que se desenvolveron en torno a Ripoll e a vertente septentrional do Pirineo.

A **técnica era moi precaria** e a elo sumouse a **desaparición da figura do artista**. Durante o románico o **anonimato** é total: só son **artesáns os que se paga por desempeñar un oficio**. Os grandes artistas que se coñecen destes tempos levan o nome que lle deron os historiadores da arte (o mestre da Porta do Cordeiro, o mestre de Xaca, etc.). Como veremos o **Mestre Mateo será unha excepción**.

A escultura románica manifesta un **predominio absoluto da pedra e da madeira** como materiais. A **igreja e o abade non deixan os temas o azar**, sino que a **arte figurativa** do románico é unha **arte intelectual que carece de liberdade creadora**. Volve a representarse a **figura humana** relegada durante parte da Alta Idade Media a pequenos relevos de marfil e metal.

Trátase dunha **escultura antinaturalista, simbólica** e con **tendencia o abstracto**. A imaxe **non representa unha realidade visual**, un tema tal e como o veríamos na vida cotiá senón **unha idea, unha mensaxe, un concepto** que hai que **transmitir ós fieis dun xeito simple, claro e facilmente comprensible**.

As figuras sométense a **formas xeométricas** (rombos, cadrados e triángulos), polo tanto **resultan antinaturais e esquemáticas**, pero si teñen **intención narrativa** e, ás veces, **forte carga expresiva por medio de xestos e detalles**. Según algúns historiadores da Arte, o **antinaturalismo** da escultura e pintura **non responde a unha falta de técnica**, sino a unha **deformación intencionada da realidade**. De ser certa esta teoría, a **escultura románica tería un indudable valor de modernidade**.

Este antinaturalismo compénsase coa **gran expresividade das figuras**, dotadas de **grandes ollos**. As obras tenden a **disporse en frisos** creando **figuras isocefálicas** (cabeza á mesma altura).



As **tres características** principais das artes figurativas románicas son: **Xeometrización, hieratismo e desproporción das figuras**.

Faise uso da **ley del marco**, é dicir, as representacións están **determinadas polo marco arquitectónico**. Non se trata simplemente de que a **figura adapte a súa postura e forma ó lugar arquitectónico onde se sitúa**, senón que, sendo os **canteiros á vez arquitectos e escultores**, pensan a **escultura coma un relevo e subordinan a súa composición e tratamento a leis arquitectónicas e non plásticas**. Exemplo: a **figura de Eva de Autun** presenta o mesmo ritmo sinuoso e lineal ca unha decoración vexetal.

Existe unha sensación de **horror vacui**, todo o espazo ten que estar cheo relacionado coa subordinación arquitectónica. En xeral, a escultura románica caracterízase pola **tosquedade das figuras**, polo **escaso relevo** (figuras moi planas), **representanse sen volume, sen estudo anatómico, desproporcionadas e moi distantes da beleza considerada clásica**. O importante non son as figuras en si senón a **participación nunha escena** que ten **finalidade pedagóxica e evanxelizadora**: convencer aos fieis, na maior parte **analfabetos**, das verdades nas que debe crer.

A **figura de Cristo**, para facela inaccesible, é **hierática, inexpressiva**; pero, hai figuras que si son algo expresivas aínda que non naturalistas, expresividade transmitida polas mesmas desproporcións, a mobilidade, (...)

A **arquitectura e escultura están indisolublemente unidas no románico e non teñen sentido unha sen a outra**. A escultura **non se consideraba acabada ata que recibía as cores correspondentes**.

A **temática é casi totalmente relixiosa** cuíus temas principais son:

- O **Xuizo Final**, principal tema do románico que **testimonia o temor á condenación**. Nel dispónse o **Pantocrator** (Dios todopoderoso en actitude de Xuiz), que recibe o nome de **Maiestas Domini, Cristo Maiestático ou Cristo en Maxestade**, donde **Cristo aparece sentado no seu trono celestial bendecendo coa man dereita alzada mentras sostén o libro na man esquerda sobre o nocelo**, ademais está **rodeado dunha mandorla ou almendoa mística** e ven **acompañado polo tetramorfos** ou representación simbólica dos catro evanxelistas (San Mateo=ánxel, San Marcos=león, San Xoan=águia e San Lucas=toro. Ex: *Maiestas Domini da cripta de Saint Sernin de Tolouse*, século XI).

- **Maiestas Mariae, Virxe Maiestática ou Virxe en Maxestade**, donde a **Virxe aparece sentada no seu trono, coroada, sostendo no seu colo o Neno que aparece bendecendo**. Ambas figuras están ríxidas, e **non existe comunicación entre nai e fillo**. O Neno Xesús no románico non é un neno, é Deus

- Un **tema menos frecuente é o crucificado**, trátase dun **Cristo de catro cravos** donde os pés están separados (o que atenúa a sensación de sofoimento), os **brazos permanecen ríxidos** ceñíndose o marco sin sentir o peso físico da gravidade, e na cabeza leva a **corona real como corresponde a súa condición de rei de reis**.

PRÁCTICO: A CATEDRAL DE SANTIAGO

1. Clasificación.

Arquitectura **relixiosa galega**, pertencente ao **románico do camiño de Santiago**, igrexa de **peregrinación**. Trátase da **Catedral de Santiago de Compostela**, construída entre **1075 e 1188**, séculos **XI e XII**. Os **promotores** foron o bispo **Diego Peláez**, o **arcebispo Xelmírez** e a **monarquía galaica**.

Sobre **1075** o bispo Diego Peláez, decatándose da **crecente intensidade da peregrinación**, decídese a **construír unha nova catedral en Santiago** de acordo co esplendor que a súa importancia relixiosa estaba adquirindo, para reempazar o vello edificio do século IX.



2. Contexto histórico.

Realizar polo apartado 1 deste tema.

3. Análise.

A **Catedral de Compostela é a culminación do Camiño de Santiago**, é o paradigma das igrexas de peregrinación. Na catedral de Santiago poden distinguirse **catro fases constructivas**:


Primeira etapa: según o *Códice Calixtino*, o mestre de obras foi **Bernardo o Vello**, na época de Peláez. As obras iniciáronse en 1075 e concluíron entre 1087 e 1088. Levantouse a **cabeceira ata o último tramo do deambulatorio**.

Segunda etapa: iniciouse en 1100 e **construíuse o tramo do transepto** (sin as cubertas) baixo as ordes do mestre **Esteban**. As obras volveron a interromperse.

Terceira etapa: acabáronse as **bóvedas do brazo do transepto e realizouse o brazo central coas tres naves**. As obras dirixiunas **Bernardo o Mozo**.

Cuarta etapa: baixo a dirección do **mestre Mateo**, entre 1168 e 1188, realizouse o peche da catedral e o *Pórtico da Gloria*, previa construción da *catedral vella* que lle sirve de base.

A comezos do século XII **Diego Xelmírez**, unha das **personalidades máis sobresaíntes da época**, **converte Santiago en sé arcebispa** arrebatando os dereitos de Mérida e Braga. Ademais comete os *píos latrocinios* arrapañando con reliquias para **enriquecer o atractivo Santiago de Compostela**. A súa **diocese será a máis poderosa de Península**, retando á primada de Toledo, e **conseguindo o dereito de cuñar moeda**. Este poderoso señorío eclesiástico manterá **boas relacións con Cluny e mesmo a amizade do Papa Calixto**. Coma un **poderoso señor feudal**, **Xelmírez intervirá activamente nas intrigas políticas** coa suficiente habilidade para **beneficiar á sé compostelá**. Á **morte de Xelmírez en 1140 o edificio está case rematado**, salvo o corpo occidental.




A pesar de construírse en **catro fases ben diferenciadas**, o edificio presenta unha **gran unidade estilística**, xa que, a simple vista, **non se aprecian diferencias no seu interior**. Isto débese a que **a catedral se constrúe xa cas características do estilo plenamente asumidas**. O resultado é un **edificio armónico**, que presenta como **nota peculiar a gran claridade que lle proporcionan as ventás das naves**.

Os seus trazos responden totalmente aos da arte **Románica**:

- **Material** é pedra procedente das canteiras de **granito galego cortada de modo regular**, formando a **pedra de cantería**, característica deste tipo de construcións.

- **Planta e interior**. A **planta é de cruz latina**, simétrica e regular. Está organizada da seguinte maneira: **tres naves lonxitudinais**, unha **central e dúas laterais**, precedidas por un **Nártex**. Tres naves transversais chamadas **transepto**, dúas laterais e unha central. A nave central lonxitudinal e a súa semellante transversal **crúzanse dando lugar ao cruceiro** sobre o que en altura medraba no románico un **cimborrio** e hoxe faino unha **cúpula sobre trompas**. O **presbiterio** é profundo: ao fondo sitúase a **ábsida**; rodeando a ambos, está a **xirola ou deambulatorio** (prolongación das naves laterais lonxitudinais) cuberta con **bóvedas de arestas** sen arcos faixóns.

No **románico**, o deambulatorio tiña **cinco absidiolas ou capelas**. A **capela central do Salvador** presenta unha planta basilical con paredes redondeadas, aínda que exteriormente é cadrada. Por esta capela **iniciouse a construción da catedral no ano 1075**. Outros dous absidiolas tiñan **planta semicircular** (un en cada lado da deambulatorio) e os outros dous restantes (tamén un a cada lado) **planta poligonal**. No **transepto** abríanse **catro absidiolas**, dous a cada lado, tamén de **planta semicircular**. O deambulatorio foi **concibido para facilitar o acceso ás reliquias do Apóstolo** que están na cripta baixo o altar do presbiterio.



A planta de cruz latina **asegura a circulación dos fieis**.

O **nártex** convértese nun pórtico, o **Pórtico da Gloria**, aberto na fachada occidental e os **extremos do transepto** rematan en fachadas, a **Acibechería** (norte) e **Praterías** (sur). A **orientación** responde á de tódalas **igrexas cristiás**, cabeceira ao leste e fachada principal (pés) ao oeste.

O **nártex** convértese nun pórtico, o **Pórtico da Gloria**, aberto na fachada occidental e os **extremos do transepto** rematan en fachadas, a **Acibechería** (norte) e **Praterías** (sur). A **orientación** responde á de tódalas **igrexas cristiás**, cabeceira ao leste e fachada principal (pés) ao oeste.



- Cubertas e soportes.

As naves centrais, lonxitudinal e transversal, están cubertas con **bóveda de canón**, e as laterais con **bóveda de arestas**, en ambos casos separadas por **arcos faixóns**. Para soste o peso da bóveda de canón **empregáanse piares compostos** que se levantan sobre un pequeno zócalo, alternando os zócalos cadrados cos circulares. A nave central sepárase e comunícase coas laterais mediante arcos de medio punto **chamados formeiros**.

CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ALZADO

DOS NIVELES

TRIBUNAS:


Es el elemento novedoso en la iglesia de Peregrinación. Permite recorrer todo el templo sin interrumpir la masa. Dispone de apertura a la nave principal mediante arcos geminados. Permite iluminar la parte superior de la nave central.

ARCADAS:

Los arcos son de medio punto peraltados. Los arcos del primer nivel descargan sobre pilares con columnas adosadas. Tienen sección cuadrada. Las columnas de la nave principal ascienden hasta el arranque de los arcos fajones. Los arcos fajones y columnas sirven de línea divisoria del tramo. Los arcos dan paso a las naves laterales cubiertas con bóvedas de aristas.

Comentario de Láminas

Los arcos



A diferenza de altura entre as naves laterais e a central está ocupada cun segundo andar sobre a lateral, é a **tribuna**, que **comunica coa nave central a través dun triforio con arcos xeminados**. Debaixo do triforio aparece o **taqueado xaquense** que se pode ver noutras partes da catedral. A **tribuna cumpre varias funcións** á vez: **acubilla aos fieis**, sobre todo peregrinos, **ilumina a nave central** e coa súa cuberta (bóvedas de arestas e de cuarto de canón) **colabora na estrutura do sostemento da bóveda central**.

Deste xeito, o **sistema de equilibrio queda asegurado**: a **bóveda de canón** das naves centrais, **construída en tramos e reforzada con arcos faixóns**, que concentran o **empuxe vertical e transmíteno aos piares** sobre os que montan; as **cargas diagonais van recollidas polos faixóns** das naves laterais e trasladadas aos **piars externos, reforzados por contrafortes** ou estribos. Tamén axudan a soste os **macizos muros** que ademais de **cerrar o edificio sostéñeno** e colaboran para soportar a tribuna.

- Articulación mural interior e exterior.

A articulación mural está perfectamente resolta. **Articular un muro significa cubrilo con elementos plásticos** (pilastras, columnas, molduras verticais ou horizontais, arcos cegos, vans) **de xeito que o paramento deixa de ser superficie indefinida e ilimitada e convertese en superficie organizada.** A articulación ten un **valor estético**, pero tamén indica **dominio e madurez arquitectónica** porque a materia sométese ás necesidades e intencións do creador.



No interior, o espazo aparece **organizado en tramos** polos seguintes elementos:

Parte superior: polos **arcos faixóns** que **dividen as bóvedas de canón** (tamén de arestas nas naves laterais) e polos **arcos xeminados do triforio**.

Parte inferior: **arcadas dos formeiros** que separan a nave central das laterais e polas **columnas arrimadas nos piares cruciformes**, sobre todo as que se prolongan por todo o muro para enlazar arriba cos arcos faixóns.



No exterior románico (posteriormente transformado) **estaba perfectamente graduado en volumes e articulado** nos seus muros con contrafortes, arcadas cegas e vans con arquivoltas. Impactara no seu tempo a **complicada cabeceira e as espectaculares torres que flanqueaban a fachada**.



O espazo interior é simbólico, debía de ofrecer aos fieis a **sensación de protección e permanencia**. Fóra do templo todo era inseguro, perigoso, efémero e incerto, **só Deus e no seu nome a Igrexa poden proporcionar ao home protección espiritual**. Por iso o interior está cerrado por macizos muros, con escasos vans, e aparenta sólido polo tamaño dos piares e das bóvedas.

Hai unha marcada direccionalidade organizada cara ao altar símbolo de salvación. A nave lonxitudinal alude ese **camiño** (ritmicamente marcado polas arcadas laterais) que **todo bo cristián debe de andar para acadar a meta da salvación eterna** simbolizada polo **altar maior como centro focal** no interior e pola ábsida orientada ao leste (sinónimo de luz) no exterior.

As proporcións manifestan unha **certa verticalidade**.

A nave central mide **8 metros de anchura e 22 de altura** (nunha escala de case 1:3). **Verticalidade** subliñada por **formas arquitectónicas** coma o **peralte das arcadas do medio punto**, as **columnas arrimadas nos piares** ou o **ciborio que se ergue no cruceiro**. Equilibrada coa **direccionalidade horizontal**, esta verticalidade fica moderadamente na nave onde ven **marcada por piares e columnas arrimadas ata a bóveda**, para acentuarse no cruceiro (a meta) mediante a cúpula / cimborrio. Ese mesmo sentido teñen as **torres exteriores do templo**.

Toda catedral é un edificio vivo e a de Santiago moito máis, xa **desde o século XIII non deixa de incorporar engadidos que cambiaron moito o seu exterior e parcialmente o seu interior**.

No exterior, capelas góticas e renacentistas foron deformando o testeiro, que recibiu finalmente un cambio radical no barroco coa remodelación da praza da Quintana e a Torre do Reloxo ou Berenguela. O primitivo claustro e salas anexas reformouse en estilo gótico-renacentista no XV e XVI.

No interior, o novo altar maior co baldaquino no prebisterio – e o órgano na nave- reforzaron o efecto direccional no barroco. Pero sen dúbida a maior mudanza interior afectou á luz. Os múltiples vans da tribuna e naves laterais, que iluminaban axeitadamente o templo, cegáronse con capelas e as obras do claustro. O transparente o fachada do Obradoiro hoxe é o principal foco, acentuando luminicamente a direccionalidade e creando un ambiente interior que debe ser moi distinto da época medieval.



PRÁCTICO: A PORTADA DAS PRATERÍAS

Con tódolos datos presentados a continuación debes realizar o práctico sobre a portada de Praterías:

- Das tres portadas da Catedral, a das Praterías é a única románica que se conserva.

Entre 1100 e 1115 aproximadamente, realízanse as dúas portadas do transepto, a norte (*Acibechería* ou *Portada do Paraíso*) e a portada sur (*Praterías*). A fachada oeste foi levantada máis tarde, nun principio parece que era a da Transfiguración, posteriormente o Pórtico da Gloria.

Os historiadores cren que as tres portadas formaban un programa iconográfico conxunto que simbolizaría a historia da humanidade desde as súas orixes ata a Crucifixión de Cristo. Todo parece indicar que foi o meste Estevo o que proxectou o conxunto das tres portadas. Na portada norte ou do Paraíso estaría representada a Creación e o Pecado Orixinal, na que se produce a promesa de Redención divina. Escenas representadas nesta portada, na actualidade están en Praterías ou no Museo da Catedral (Cristo en maxestade, Expulsión do Paraíso, Creación de Adán e de Eva, Anunciación, os doce meses do ano, prefiguración dos doce Apóstolos,...).



Na portada das Praterías (fachada sur da Catedral). A nivel arquitectónico está dividida en dous corpos: o inferior presenta dúas portas con arquivoltas e con tímpanos cubertos de esculturas que aparecen tamén sobre o friso que está enriba das arquivoltas e nas partes laterais da portada. Mirando a portada de fronte observamos o único contraforte que se conserva, situado á esquerda. A separación entre o primeiro corpo e o segundo prodúcese a través dun aleiro debaixo do cal aparecen ménsulas ou canzorros con decoración naturista e figurativa.

O corpo superior presenta **dúas ventás en torno ás que hai arquivoltas**, sendo o **último arco polilobulado** (influxo islámico) este segundo corpo correspóndese interiormente coa tribuna.

A fachada presenta abundantes **esculturas nos tímpanos, as xambas e o friso superior**. Actualmente parece que pode estar **bastante alterada con respecto ao románico** dado que se lle **engadiron esculturas procedentes da portada norte**.

O Tema que representa é a **Dobre natureza de Cristo** (humana e divina). Trala promesa de Redención, Cristo baixa á Terra para redimirmos do pecado aos seres humanos, pero atópase co sufrimento, a humillación e a morte. As escenas circunscribíense aos tímpanos e a **lectura realízase de dereita a esquerda**.

- Tímpano da dereita

Parte inferior: a escena iníciase na dereita, cando **Xudas bica a Xesús** (traizón) e o soldado apresa a Este. **Cristo é atado á columna** e golpeado (entre ambas escenas **un home leva unha cruz**: podería ser Cirineo que axudou a cristo a levar a Cruz). Na seguinte escena un **home sentado nunha cadeira** leva algo na cabeza: podería ser Cristo coa **coroa de espiñas** ou Pilatos exercendo como xuíz. Todas estas escenas falan da Natureza humana de Cristo, insisten **no sufrimento e a dor**, son escenas da Paixón.



Na parte esquerda do tímpano vese a **Cristo curando ao cego**, polo tanto represéntase a **Natureza divina do Salvador**.

Na **parte superior** deste tímpano representase a **Epifanía ou Adoración dos Magos** que ilustra o recoñecemento da divindade do Salvador polos xentís, polo tanto simboliza a Natureza divina de Cristo.

- Tímpano da esquerda

Insiste na dobre **Natureza de Cristo** a través do tema das **Tentacións**: aparece **Cristo retirado no deserto** que é **tentado**



polo demo identificado con falsos anxos con rostros de simios e garras nas mans e nos pés; tamén aparecen anxos **Bos** que representan a **Natureza divina de Cristo** a quen adoran con incensarios. Representan tamén a **Árbore da ciencia do Ben e do Mal** coa **serpe enroscada**; a árbore fai referencia ás **tentacións non superadas por Adán e Eva**, pero Cristo como Deus que é, supera as tentacións, é a Verdade, o modelo a seguir.

No recanto da dereita deste tímpano aparece a figura da **muller cunha caveira** no colo, de interpretación moi discutida: pode ser **Eva** que **na Idade Media se consideraba a responsable de introducir o pecado e a morte no mundo**; situada así xunto aos demos en **contraposición a Cristo** que trae a **salvación e a vida**. Outros, relacionan esta muller coa morte en **contraste coa Virxe do tímpano dereito, que no seu colo leva a**

Cristo símbolo de vida espiritual. Tamén se considera que simboliza á **muller adúltera que leva no colo a caveira do seu amante** (que debe bicar dúas veces o día). Para outros investigadores, esta muller pode representar a lívido, un vicio da carne (pero non o seu amante) e trataría de avisarnos de que non nos podemos deixar tentar pola “carne”.

Na parte superior dereita do tímpano, aparece a **figura dunha muller montada sobre un león**. A interpretación desta escena é variada: simboliza a Cristo? É a rameira sobre a bestia vermella da que fala o Apocalipse? É unha figura engadida?, ...

- Friso ou muro sobre os arcos

Sobre o friso están **figuras procedentes doutras partes da catedral**: figuras de nenos procedentes do coro do Mestre Mateo; Cristo de pé bendicindo (igual aos Beau Dieu das catedrais góticas francesas); Santiago entre cipreses e san Pedro procedentes da primeira fachada oeste, a da Transfiguración. A inscrición reza: **aquí no monte contempla abraiado a Xesús glorificado**.



Os cipreses son as árbores de follas perenne, sempre verde e de madeira incorruptible que representan a alma inmortal. Tamén podemos ver: o **anagrama de Cristo ou Crismón**, Moisés ou o endemoniado, Abrahan (pai do pobo elixido), un **centauro e unha sirea**, ademais hai tamén leóns e anxos tocando as trompetas.



- Contrafortes

Contraforte **esquerdo** de abaixo arriba: **David** (procede da fachada do Paraíso); **Creación de Adán** e **Cristo en Maxestade**. Contraforte da **dereita** (desaparecido) forma parte do muro da Torre do Reloxo. Aquí destaca a **Creación de Eva** procedente da portada do Paraíso.

Nesta fachada tamén hai **11 columnas** con fustes tratados de distinto xeito: figurados con apóstolos, anxos e outros personaxes albergados por arcadas de medio punto nus; outros con cordóns e lisos os máis próximos ás portas. O material das columnas é o granito e o mármore do país. Nesta fachada das Praterías están representados **varios animais** con simboloxías concretas: leóns, aguias, galos, serpe,...

Os mestres constructores

Non se coñecen con seguridade os autores das esculturas da portada das Praterías. Parece que, ao menos, son tres: o **Mestre Estevo**, o chamado **Mestre da Traizón** e o **Mestre do Año**. Os tres presentan **características ben distintas** á hora de traballar.

O mestre da Traizón. Considérase o autor das **figuras do tímpano dereito**; son altos e medios relevos, con tendencia ao **vulto redondo**; son **toscas**, con **escaso estudio anatómico** e **total ausencia de canon** e os bigotes das figuras represéntanse cara arriba. O seu traballo véñse identificando coas **esculturas da portada do Perdón de San Isidoro de León**.

O mestre Estevo. Parece que é o autor das **figuras de mellor calidade** desta Portada: a **muller que leva unha caveira** no colo na parte dereita do tímpano esquerdo, **O David** do contraforte esquerdo e a **Creación de Adán**. Estas figuras teñen **características moi semellantes que coinciden coas da obra de Estevo**, polo que algúns historiadores pensan que de non seren da súa autoría, serían dun discípulo seu moi avantaxado. As **características das súas esculturas** aparecen ben representadas na figura de **Eva** ou **A muller adúltera**: a figura é moi superior ó resto; presenta un **estudio anatómico bastante naturista**; as **roupas péganse ó corpo e transparentan a anatomía** (evidentemente a *técnica dos panos mollados* seguía tendo predicamento); os **pregos presentan forma de U** e amosan **profundidades, volumes, formas e direccións distintas**, contribuíndo a provocar **sensación de volume**, de movemento, de **realismo**; o **rostro con labios grosos, meixelas prominentes e ollos avultados**, os **cabelos cos mechóns soltos**.

Mestre do Año. É autor da *Expulsión do Paraíso*, da e do Cristo Maxestade. Posúe unha técnica moi inferior a de Estevo: **tosquedade, hieratismo, ausencia de estudo anatómico**, etc. Débelle o seu nome a que é o autor da portada do Año de San Isidoro de León.

De autor descoñecido son a maior parte das figuras do tímpano esquerdo. Probablemente fose un colaborador de Estevo, con técnica pouco evolucionada, as **figuras están en baixorrelevo e son máis toscas** cás do outro tímpano; amosan **carácter pedagóxico e evanxelizador**, Cristo tentado polo demo disfrazado de simio.

Para este práctico débenselle engadir as características da escultura recollidas no tema, apartado 5.

PRÁCTICO: O DAVID DAS PRATERÍAS.

1. Clasificación.

Escultura **relixiosa románica**, século XII. En concreto, é O David que na actualidade está no **contraforte esquerdo da fachada das Praterías da catedral de Santiago**. É, polo tanto, unha escultura ao servizo da arquitectura do Camiño de Santiago.

2. Contexto histórico.

Realizar polo apartado 1

3. Análise: tema, forma e técnica.

Tema: Está representado como **rei de Israel e antepasado de Cristo**, por iso **porta sobre a súa cabeza a Coroa** e **está sentado nun trono**. David é a prefiguración de Cristo como vencedor do mal, el era pastor e coidaba e defendía as ovellas de seu pai do ataque dos osos e leóns; as feras simbolizan o mal, o demo, e **David vence o mal**, o demo, por iso **aparece representado sentado sobre un trono do que as patas en forma de garras aplastan un animal**, mentres os pés de David dominan outro (supostos oso e león). David **tamén matou o xigante Goliath, símbolo do mal**. Pero, tamén está **representado como músico**, pode facer referencia ao **mito de Orfeo quen coa súa música enfeitizaba aos animais**. David está **afinando un instrumento de corda**, da familia da viola para entoar un Salmo (poesía relixiosa hebrea que forma parte do Antigo Testamento). A figura **ten os pés cruzados** o que neste momento parece simbolizar superioridade.



Forma e técnica: O autor do David é probablemente o mestre Esteban, amosa unha maior calidade técnica que os outros artistas/artesáns. Estevo coñecía as miniaturas, o canon, **posuía dominio da técnica** e ademais coñecía perfectamente as partes do corpo humano. Aplica o chamado *efecto T* que consiste en destacar as partes máis importantes do corpo: cabeza, brazos, pés,....

A figura é un relevo, podemos dicir medio aínda que varía por partes: hai partes do seu corpo esculpidas en profundidade, mentres que noutras a técnica é máis superficial.

David aparece sedente, coa cabeza torcida cara o seu lado dereito, as extremidades superiores van pegadas ao corpo e sosteñen os instrumentos musicais; os xeonllos están marcados e as pernas aparecen cruzadas.

A figura globalmente recorda ás clásicas porque resulta equilibrada e serea: o xiro da cabeza á dereita está compensado polo maior peso da viola á esquerda, e a separación dos xeonllos para sinalar a posición sedente está tamén compensada polo cruce simbólico das canelas (tibias) e dos pés descubertos. O seu rostro é o característico do mestre Estevo: labios grosos, meixela destacadas, ollos avultados e barba rizada; os cabelos son tamén rizos, soltos e de considerable volume. As roupas que leva parece que transparentan a anatomía recordando, en certo modo, á técnica dos panos mollados clásica. Os pregues en U ou tamén chamados *amorcelados* amosan profundidade, volume e axudan a dar sensación dun maior realismo.

Podemos concluír que o David tecnicamente é unha figura moi superior ao resto das realizadas na fachada das Praterías presentando un estudo anatómico pouco frecuente na escultura románica, aínda que está sometido á *lei do marco arquitectónico* e resulta bastante xeometrizado.

Para rematar, debes resumir as características xerais da escultura románica e realizar unha conclusión.

PRÁCTICO: O PÓRTICO DA GLORIA E A OBRA DO MESTRE MATEO.



1. Clasificación.

Arquitectura e escultura relixiosa pertencente ao último románico e ao primeiro gótico, por iso o vimos clasificando como protogótico galego. Trátase do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, século XII (1168-1188/1211). Atópase na fachada oeste da catedral, hoxe oculto ao exterior pola fachada barroca do Obradoiro.

O seu autor foi o mestre Mateo como aparece gravado no lintel que soporta o tímpano no propio pórtico, aspecto novidoso dado que os artistas non asinaban as súas obras. Pero, ¿quen era o mestre Mateo? Sábese moi pouco del debido á escaseza de fontes coas que contan os historiadores. Sabemos que aparece como constructor de pontes en 1141 e que, posteriormente, traballou no Pórtico da catedral. Unha das teorías apunta a que era fillo dun mestre escultor que traballou noutras obras do Camino e que, debido a elo coñecía as obras realizadas na zona francesa, da que tomou influencias. En calquera caso Mateo alcadou una gran perfección e xenialidade.

A calidade das esculturas varía porque o mestre Mateo dirixía un número importante de canteiros, pero mantense en toda a obra unha unidade estilística.


2. Contexto histórico.

Realizar polo apartado 1 insistindo que, para comprender o Pórtico da Gloria, debemos sinalar as importantes transformacións que se produciron no século XII a todos os niveis (económico, social, político, cultural e relixioso).

Produciuse un significativo florecemento urbano, a cidade vai ser o berce dunha cultura moderna que se opón a parte da tradición en base á razón, ao humanismo crecente e á reivindicación da natureza.

Esta fertilidade cultural do século XII afectou á ARTE: a escultura e tamén a pintura avanzaron lentamente cara o naturalismo, progresivamente interesou a representación da figura humana con trazos individualizados, con xestos; a escultura empezou un proceso de liberación da arquitectura en Chartres e nesta obra, no Pórtico da Gloria. A escultura despegou progresivamente do muro que a contiña ata acadar a independencia primeiro e logo conquistar o

espazo que a rodeaba. O Pórtico da Gloria representa o un primeiro gran paso neste gran cambio con respecto por exemplo á portada das Praterías da catedral.




3. Análise iconográfica e formal.

- Arquitectura

Para a construción desta fachada occidental, o mestre Mateo encontrouse coa **difficultade de salvar o desnivel de altura con respecto ao testeiro**. Mateo resolveuno **construíndo, xustamente debaixo do Pórtico, que vai no nártex, a Cripta (falsa cripta) mal chamada Catedral vella**. Diante dela levantou unha **escalinata** (hoxe substituída pola do Obradoiro).

Determinou construír **unha fachada de tres corpos**:

Corpo inferior (a falsa cripta); no **corpo medio** (o Pórtico dentro do nártex con bóveda de nervios); e no **terceiro** (prolongou a tribuna por riba do Pórtico e iluminou desde os pés a nave central con un rosetón). O conxunto foi completado, parece, con dúas torres hoxe substituídas polas barrocas.



- Programa iconográfico: descrición e análise.

O mestre Mateo deseñou para as tres arquerías que pechan as naves da catedral desenvolven un **programa iconográfico conxunto que hoxe está sometido a discusión en canto a súa interpretación**.

Para o profesor **Serafín Moralejo**, a interpretación do conxunto é a seguinte:

- No **corpo inferior ou catedral vella** (con planta de cruz latina, gran machón central e bóveda de nervios) estaría representada **a Terra ou Humanidade**, o universo orixinario, con imaxes de corpos celestes (o sol, a lúa e as estrelas) nas claves dos nervios das bóvedas.

- No **segundo corpo**, Pórtico da Gloria, estaría representado o **triunfo de Deus no ceo, a Glorificación**, mentres os **condenados padecían as penas do inferno**. Trátase do **Apocalipse**.

- No **terceiro corpo** (na tribuna) un **Año Místico** tamén na clave da bóveda de nervios, cuberta de flores, culminaría simbolicamente o conxunto. O **Año é o símbolo de Cristo** que deu a súa vida polos homes. A relixión cristiá di que existe **a Xerusalén Celeste** (cidade no ceo), cando chegue A apocalipse, esta baixará á Terra e esta non necesitará do sol nin da lúa porque estará eternamente iluminada. A tribuna representa aquí a Xerusalén Celeste.

Descrición do Pórtico da Gloria: segue a distribución do brazo maior da Catedral, dividido en tres arcos que se corresponden con cada unha das naves: o **arco central** é máis alto e ancho cós laterais. Está **composto por unha soa arquivolta** e un **enorme tímpano suxeito por un parteluz**. Nas **partes laterais apóiase sobre piares** que teñen columnas arrimadas.

Os **dous arcos laterais** presentan a **mesma estrutura**: constan de **dúas arquivoltas** cada un e **carecen de tímpano**, nas partes laterais presentan a **mesma estrutura có arco central**. O conxunto **cóbrese totalmente con decoración escultórica: horror vacui** (medo ao baleiro). A lectura da mensaxe **iníciase na arcada esquerda, continúaase pola da dereita e remátase na central**.



As portas laterais:

As dúas portas laterais, nas que parece confirmado que **nunca existiron tímpanos**, ofrecen unha **interpretación máis discutida**, sobre todo a esquerda. Relacionadas figurativamente coa porta central a través de anxos que conducen almas, deben ter **algún significado relativo á salvación**.



- O **arco esquerdo** consta de **dúas arquivoltas de composición radial**. Na superior unha morea de **figuras miúdas aparecen atrapadas** baixo unha gran **corda** (cilindro ou rolo), e na inferior, **personaxes con cartelas**, hoxe borradas, distribúense **simetricamente en torno a un personaxe central** que podería ser Deus.

Seica representa unha **anástase ou quebramento dos infernos**, na que Deus ceiba e conduce á Gloria ós sometidos á opresión da Lei Mosaica (lei do antigo pobo de Israel), simbolizada esta pola **corda que ata ás figuras superiores**, e a **acción redentora de Deus na arquivolta inferior**.

Outra posible lectura fala do **encadeamento das almas no purgatorio**, no arco superior, e da súa **liberación no inferior**. As figuras **aparecen entre vexetación**, símbolo da alegría.

- O **arco dereito** ten un **sentido máis evidente**. Ocupan as claves de cada unha das arquivoltas as **cabezas de Cristo e do arcanxo San Miguel**. Na **metade dereita**, os **condenados forman a típica imaxe infernal románica**, con demós devorando e torturando ós pecadores nunha escena miúda, expresionista, **efectista e algo inxenua** ós nosos ollos, pero terrorífica no seu momento, **era o inferno**.

Na parte **esquerda**, os anxos **portan as almas dos salvados**, representadas coma **nenos pola súa inocencia**. Esta arcada representa o **Xuízo Final**. Esta é unha **imaxe moi expresiva do inferno** cun claro **carácter pedagóxico e evanxelizador**: un home que quere comer unha empanada pero que non pode porque ten unha serpe enroscada no pescozo; o seu **compañeiro trata inutilmente de beber dunha bota de viño**, algo imposible xa que está cabeza abaixo, (...)

As figuras sobre as arquivoltas seguen o ritmo do arco que vai ser o característico do gótico.



- Arcada central

Na metade da porta central o **parteluz** percorre o camiño desde o **submundo inferior do zócalo ata a Gloria do tímpano que sustenta**. Na **base desta columna**, un **home abrangue cos seus brazos dous leóns**: pode ser Adán, Hércules ou Sansón, segundo se lea o principio como o mundo pagán ou o comezo da historia do home que conduce á Redención. Neste último caso, a Historia está representada **no fuste do parteluz pola Arbore de Xessé ou a xenealoxía de Cristo** como símbolo do seu triunfo sobre o pecado. Aparecen os antepasados humanos de Cristo e na parte superior a Virxe, no capitel a **Santísima Trindade: o Pai e o espírito santo**.

Sobre a columna, A **figura sedente do Apóstolo Santiago** que aparece identificado con trazos semellantes á imaxe de Santiago da xamba dereita. O Apóstolo está **sedente, coroado por un nimbo de pedras engarzadas, apoiado nun báculo e con un cartel na man**. É o **patrón da igrexa que acolle aos penitentes**.



No **tímpano** represéntase **A Apocalipse**. Preside o tímpano o **Pantocrator**, Cristo sedente e con **coroa e cos sinais dos cravos en mans e pés**, rodeado do **Tetramorfos**, máis oito anxos cos símbolos da Paixón e as **38 diminutas figuras dos elixidos** (os benaventurados). **Dispostos radialmente** nunha arquivolta sentan os **vintecatro anciáns** con instrumentos musicais. É a típica visión do **Cristo apocalíptico triunfante**, aquí modificada para **insistir na salvación obtida a través do sufrimento divino**. No Tetramorfos, os evanxelistas utilizan os símbolos como pupitres. Os **oito anxos do lintel** portan símbolos distintos: a columna, a Cruz, a coroa de espiñas, a xerra, os cravos, (...)

Na **xamba da dereita**, aparecen os **Apóstolos**, Pedro, Paulo, Santiago e Xoán, os que predicaron a Palabra de Deus. Na **xamba da esquerda**, os **Profetas** Xeremías, Daniel, Isaías e Moisés, os que anunciaron a chegada do Mesías. As xambas simbolizan os fundamentos da cidade descrita por San Xoán, as súas columnas son O Antigo Testamento – os profetas – e O Novo Testamento – os apóstolos-. No piar dos profetas, un **triste Xeremías** reflicte o sufrimento que padeceu a causa das profecías; **Daniel sorrí** porque anuncia a vida do Salvador; Isaías sostén o pergamino e Moisés levanta as Táboas da Lei.



63 Apóstolos. Nuevo Testamento. Jambas del Pórtico de la Gloria.

O piar dos apóstolos representa a **Pedro como Sumo Pontífice** coas chaves do reino de Deus; a San Paulo descalzo; a San Xoán mozo sobre unha aguia.



Nos zócalos, animais diferentes que simbolizan os vicios e pecados aplastados pola Gloria superior.

As arcadas aparecen unidas, como xa se dixo, por anxos que portan almas (nenos nus) que van das laterais á central (a Gloria). Os que proceden da arcada esquerda levan coroa (pobo de Israel = a pobo elixido).

Nos muros aparecen anxos trompeteiros, chaman aos seres humanos ao Xuízo Final, ese día os toques dos seus instrumentos congregarán aos elixidos dos catro puntos cardinais.

Na **contraportada** tamén hai algunhas figuras.

- Análise formal.

O **material é a pedra**, as figuras son todas de granito de Galicia e as columnas **de mármore alabastrino** (tipo). A pedra está perfectamente esculpida, diferéncianse polas **características técnicas varios escultores ademais de Mateo**. Pero, o proxecto escultórico (tan complexo) amosa que o **Mestre posuía uns coñecementos profundos dos modelos iconográficos**. A unidade estilística, aínda que con diferenzas, e o **dominio técnico parece atoparse coa antigüidade clásica**, amosando **interese pola proporción e a elegancia do detalle**, algo insólito no románico.

En xeral, a **ruptura coa estética románica** maniféstase no **tratamento individualizado dos personaxes** – rostro e cabelos – próximo ao **retrato**, sobre todo na **expresividade facial**. Case que tódalas figuras, mesmo as sentadas, amosan **dinamismo**, un inicio do movemento que fai que perdan a frontalidade e a rixidez románicas. Na **arcada central** aparecen **esculturas de baixo e alto relevo**; nas **xambas**, os Profetas e Apóstolos comezan un proceso de **independización do marco arquitectónico** como veremos.

Na **columna do parteluz** están esculpidos baixorrelevos; pero, a **figura sedente de Santiago** é de **vulto redondo** con dozura no rostro e responde a un **canon de proporcións que busca a beleza**.


As distintas partes do tímpano presentan calidades distintas a nivel técnico e estilístico:

- O **Pantocrator** mantense como un **vulto acusado e desmedido**, mal resolto porque **fica a medio camiño entre o altorrelevo e o vulto redondo**, cun **volume descompensado e certo hieratismo e rixidez** que, sendo necesario no tratamento do tema, **contrasta co resto da composición**.

- Os **evanxelistas** e os **anxos** ofrecen a **suave idealización dos arquetipos**, contraria á **diversidade das imaxes dos “elixidos” de baixa calidade**.

- Os **vintecatro anciáns das arquivoltas** son o mellor. Están captados como a **instantánea dunha interrupción da música**, están **individualizados en posturas espontáneas e vivas**, dialogando entre eles, **alleos ao hieratismo e á abstracción do tímpano**; están **colocados de xeito radial**, seguindo a **dirección das doelas e en altorrelevo**. Nos seus rasgos, os anciáns **anticipan o gótico**. Tamén se ten investigado o **realismo dos instrumentos musicais dos que se fixeron réplicas**.

A disposición de todo o tímpano responde á **xerarquización románica** e ao **horror vacui**.



As xambas

As figuras de **máis calidade técnica** son os **Apóstolos e os Profetas das xambas**. Nelas, o **mestre Mateo dá un paso máis con respecto ás portadas francesas**, as figuras independízanse das columnas - **son as estatuas-columnas**- e adquiren **individualización e vida co seu propio eixe compositivo**, con movementos e xestos, expresións e mesmo diálogo verbal ou miradas entre eles, como Daniel por exemplo. É novidade tamén o **naturalismo e a individualización dos personaxes** caracterizados con xestos, miradas, (...). O **tratamento anatómico** é máis realista e o **traballo dos pregues fainos enormemente dinámicos**, con caídas elegantes e moi naturais. O **volume é tamén maior**, isto, engadido ao **sorriso sempiterno** que alegra os rostros, axuda a cargar a escultura dun ton **humano e sensible** que **vai ser característico da estatuaria gótica**. Pero, este rasgo realista será abandonado polo impacto do idealismo gótico francés do s. XIII e non volverá con forza ata a obra de Slüter. Este **realismo santiagués débemolo explicar dentro do contexto histórico que vive a cidade de Santiago**, cidade próspera que aproveita as peregrinacións e onde a burguesía comercial constitúe un importante grupo de presión.

Algúns especialistas no Pórtico **chegan a identificar as figuras realizadas persoalmente polo mestre Mateo** que, din, presentan os seguintes trazos: **cabeza case exenta con total sentido do volume; cabelos encaracolados**; no corpo **gran coñecemento da anatomía** e os **pregues da roupa son elegantes e deixan ver os pés**.

Pódese concluír afirmando que esta obra marca o **punto cume do Románico**, é tamén o **comezo do Gótico**, de aí que a veñamos **clasificando de protogótica**. Foi realizada a **finais do século XII** (coetáneo do primeiro gótico francés) e por elo, é **froito dun contexto histórico diferente ao da fachada das Praterías**. Como vimos, **amosa características románicas: horror vacui, xerarquización e adaptación ao marco arquitectónico dos personaxes** (...). E, **características góticas: expresividade das figuras**, que abandonan o hieratismo e se **interrelacionan**, **tímido naturalismo** e **maior coherencia** na disposición en grupos (...).

Esta fachada exerce **gran influencia** nas catedrais posteriores como por exemplo no Pórtico do Paraíso da Catedral de Oviedo.

Debes elaborar unha conclusión por ti mesmo/a